

Maio 2017

Número 11

Espazo FEE



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A REVISTA DA FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA



**Novas convocatorias do Servizo de Normalización Lingüística
Futuro profesional dos egresados da Facultade
de Economía e Empresa
Calendario de preinscrición e matrícula
nos mestrados universitarios**

Editorial

Universitas semper reformanda podería ser unha expresión prestada doutro ámbito diferente para salientar a idea de que unha institución multisecular como a Universidade debe estar continuamente sometendo a exame a súa actuación e as súas estruturas para manterse fiel á súa misión. Esta non debe ser outra que a de contribuír á creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, técnica e cultura para incrementar o nivel de benestar do conxunto da Humanidade.

Nun contorno tan complexo e dinámico como é o actual, non se podería entender que a institución universitaria ficase á marxe dos cambios que se están a producir na sociedade e que de maneira tan radical, mesmo traumática, están a mudar os modos de traballar, de se comunicaren as persoas, de resolver os conflitos, de organizar política e economicamente as sociedades... Indo alén, debería existir na universidade unha «obriga» implícita de introducir cambios para dar resposta, inclusive de xeito preventivo, a cambios do contorno cuxas manifestacións non son evidentes ou mesmo visibles. Só deste xeito será posible adiantarse a situacións futuras de consecuencias imprevisibles para a institución. Simplemente, e coa intención de achegar a esta reflexión uns exemplos elementais, hoxe semellaría impensable para todo o mundo que unha facultade estivese sometida aos modelos organizativos que funcionaban na Idade Media, período en que comezaron a súa actividade as primeiras universidades. Tampouco sería doadamente comprensible operar cos criterios xerárquicos vixentes anteriores ás diferentes revolucións sociais e económicas dos últimos séculos (revolucións industriais, tecnolóxicas etc.), xa que sería ineficaces e ineficientes sen ningún xénero de dúbida. Non debería ser mudado un principio de autoridade trasnoitado e burocrático

—que e aínda é posible que exista nalgúns ámbitos do mundo universitario— para conseguir unha organización adhocrática, onde a capacidade de decidir dependese máis das competencias concretas para a resolución de problemas reais que dunha categoría formal que moitas veces non implica necesariamente coñecer en profundidade os modos de proceder nun contexto tan dinámico como o presente? Finalmente, cando as circunstancias económicas están sometidas a tensións como as vividas polo conxunto da sociedade, como pode ser posible que haxa desde o interior da universidade quen se siga aferrando a unha situación que xa non existe no mundo real pero que cando entra nunha aula lles traslada aos estudantes a necesidade de se adaptar aos cambios para sobrevivir ou poder desenvolverse?

Esta reflexión non debería conducir á reflexión de que todo o que a universidade foi construíndo durante todos os seus séculos de vida é prescindible. Hai *valores universitarios* que deberían ser preservados en todo caso, porque son precisamente eses valores (a busca da verdade, o rigor do método aplicado á investigación e docencia, a obxectividade, a crítica construtiva, a apertura de mente, a humildade de quen sabe que ignora máis do que coñece...) os que deben inspirar e guiar as reformas para manter a institución viva e comprometida coa consecución da súa misión. Por tanto, cómpre distinguir o que é esencial do que é accesorio ou, en verbas máis coloquiais, convén separar o gran da palla.

Evidentemente, todo o que se acaba de expoñer non debería supor ningunha novidade para o lector. O simple feito de ter entre as mans un novo número de *Espazo FEE* anima a pensar que pertence ao que se dá en chamar *comunidade universitaria* ou que cando menos está próximo a alguén que ten

relación co mundo universitario. Suponse, en consecuencia, que o lector concorda en gran medida coas dúas ideas básicas expostas: necesidade de introducir reformas para responder aos cambios actuais e necesidade de conservar e potenciar o que de positivo foi xerando a universidade ao longo da súa historia. Porén, o problema xorde cando as batallas que se presentan tentan preservar o prescindible e, ás veces, non desexable, e esquecen que as reformas deben profundar no esencial para facer avanzar a institución e non deixala varada na praia dos intereses individuais ou de grupo, na mediocridade e na inoperancia.

De toda esta reflexión non debe quedar fóra a Facultade de Economía e Empresa. O noso centro debe *estar sempre a ser reformado*. A súa oferta académica, as súas estruturas, os seus procedementos... han de ser obxecto de revisión continua para melloralos e adaptalos ás novas circunstancias que se van presentando. Neste proceso incesante cómpre que todos teñamos clara a misión da Facultade e que, consonte o sinalado máis arriba, sexamos quen de discernir que é esencial e que é accesorio para determinar o que convén conservar do que hai que transformar ou do que prescindir a través da reforma. Dado que un dos nosos obxectivos centrais é o de formar profesionais altamente cualificados, parece que centrar o albo das reformas na actual oferta de graos e mestrados para os facer máis atractivos a estudantes de alto rendemento académico é fundamental. Isto debería implicar a revisión do catálogo de titulacións, as súas competencias, os seus plans de estudos, as metodoloxías para acadar tales competencias, a adecuación do profesorado para impartir esas ensinanzas e os niveis de dedicación e compromiso que os estudantes deben asumir para que a meta final se poida acadar.

Novas convocatorias do Servizo de Normalización Lingüística

No momento de escribirmos estas liñas, desde o Servizo de Normalización Lingüística (SNL) estamos a ultimar os trámites que, con financiamento da Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL), nos permitirán publicar nos vindeiros días tres convocatorias que poden ser tanto do voso interese como do interese dalgunha persoa coñecida. Axudádenos a lles dar difusión!

Convocatoria de axudas á investigación en lingua galega

Estas axudas diríxense ao estudantado da Universidade da Coruña (UDC) que redacte e defenda en galego o **traballo de fin de grao ou mestrado**, o **proxecto de fin de carreira** ou a **tese de doutoramento**, coa excepción dos alumnos do Grao en Galego e Portugués ou doutros estudos de cuxa natureza se derive o uso da lingua galega nos citados traballos de investigación. Teñen dúas vertentes:

- Dun lado, pódese optar ao **asesoramento lingüístico do SNL**, que se concreta nas seguintes actividades:

- Resolución das dúbidas lingüísticas e terminolóxicas que poidan xurdirlle ao estudantado ao longo do proceso de redacción dos traballos.
- Revisión lingüística parcial ou total, segundo a dispoñibilidade do SNL, dos traballos.
- E, do outro, ofrécese unha **axuda económica** dunha contía que depende do tipo de traballo: é de 75 € para os traballos de fin de

grao ou mestrado e os proxectos de fin de carreira, e de 400 € para as teses de doutoramento.

Esta axuda económica cómpre solicitala no prazo de dous meses desde a data da defensa do traballo correspondente. A documentación que hai que presentar para facelo pode atoparse na páxina web do SNL, co enderezo <www.udc.gal/snl>. O prazo de presentación de solicitudes rematará o 3 de novembro de 2017.

IX Curso de Verán de Lingua e Cultura Galegas para Persoas Estranxeiras

Este curso, que se impartirá do 3 ao 24 de xullo de 2017 na Facultade de Filoloxía da UDC, ten como destinatarias aquelas persoas de 18 anos ou máis de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia que desexen introducirse no estudo da lingua e a cultura galegas ou ampliar os seus coñecementos nestas materias, polo que conta con dous niveis:

- **Nivel elemental (A1-A2)**, de iniciación á lingua e a cultura galegas.

- **Nivel intermedio (B1-B2)**, de ampliación, dirixido a quen xa cursase o nivel elemental ou poida acreditar que ten coñecementos básicos do idioma.

O procedemento de selección de participantes e a documentación que debe presentarse para se inscribir figuran na convocatoria, que pode atoparse tamén na páxina web do SNL, co enderezo <www.udc.gal/snl>. A UDC ofrece

18 bolsas de estadía de 500 € brutos ás persoas que se matriculen, que terán que aboar 60 € en concepto de matrícula. O prazo de presentación de solicitudes rematará o 25 de maio de 2017.

Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras

O Premio Luísa Villalta xa vai pola súa XIV edición. Como en anos anteriores, consta de dúas modalidades:

- Deseño dunha campaña normalizadora, que se premia con 1200 euros.

- Idea para a promoción galego, que se premia con 800 euros.

O concurso está dirixido a toda a comunidade universitaria das tres universidades do sistema universitario galego. Os traballos poderanse presentar individualmente ou en grupo até as 14:00 h do día 27 de outubro.

Para obterdes máis información sobre estas convocatorias ou consultardes calquera dúbida que vos xurda ao respecto non tedes máis que escribirmos por correo electrónico aos enderezos <snl@udc.gal> ou <snlfe@udc.gal>, ou ben chamarnos ao número de teléfono (+34) 981 167 000, ext. 1042, 1055 ou 3683. Moitas grazas pola vosa colaboración!



Creative Commons: **licenza para publicar**

Creative Commons é unha licenza gratuíta, non exclusiva, de alcance mundial que permite ao autor ou autora establecer as condicións para usar a súa obra e protexer os seus dereitos ao mesmo tempo. Aplícase a todo tipo de contidos.

As condicións de uso defínense mediante estes catro elementos:

- Recoñecemento: é un elemento obrigatorio e emprégase para recoñecer a autoría.
- Uso non comercial: non se pode explotar a obra comercialmente.
- Sen obras derivadas: non se pode facer ningunha modificación e tampouco se pode crear outra obra a partir desta.
- Compartir igual: pódense crear obras derivadas pero terán que

se publicae baixo a mesma licenza que a obra orixinal.

Cada autor pode combinar estes elementos e **escoller entre 6 tipos de licenzas:**

- Atribución
- Recoñecemento sen obra derivada
- Atribución -non comercial e compartir por igual
- Atribución -compartir por igual
- Recoñecemento -non comercial
- Atribución -non comercial- sen obra derivada

Escoller unha licenza é moi doado. Hai que ir á páxina oficial https://creativecommons.org/licenses/?lang=es_ES e cubrir os datos correspondentes. Finalmente será preciso incluír o botón creative commons

«algúns dereitos reservados». Un autor da UDC tamén pode escoller unha licenza creative commons cando deposita un documento no Repositorio da UDC (RUC).

Por outra banda, os editores tamén están a incorporar o uso das creative commons cando o autor publica en aberto (vía dourada), ou para facer un depósito nun repositorio dunha versión dun artigo despois dun tempo de embargo.

Se o autor lle cedeu os seus dereitos de explotación ao editor pode usar unha creative commons para a súa obra só co permiso do editor.

Se precisades máis información sobre este tipo de licenzas vide pola Biblioteca.

Biblioteca da FEE

Arredor de Carlos Casares



Trazar un perfil de Carlos Casares (Ourense, 1941-Vigo, 2002) nunhas poucas liñas non é tarefa doada de acometer. Na traxectoria do homenaxeado do Día das Letras Galegas neste ano 2017 figuran, entre moitas outras, as facetas de profesor, editor, tradutor, crítico literario, columnista –con enorme éxito nas páxinas de *La Voz de Galicia*–, académico da RAG e deputado autonómico daquel primeiro Parlamento galego que nacía no ano 1981 e que daría á luz fitos fundamentais para a cultura e a lingua galegas como a

Lei de normalización lingüística ou a creación do Consello da Cultura Galega, institución da que o escritor acabaría sendo presidente a partir do ano 1996.

Mais Casares foi, sobre todo, un gran narrador, cuxa traxectoria literaria é imposible de comprender sen termos en conta o seu vínculo con Galaxia. Editora e autor formaron un binomio cuxa orixe pública se remonta á aparición de catro relatos deste na revista *Grial* en 1965. Pouco despois, en 1967, saía do prelo *Vento ferido*, na Colección Illa Nova da editora, o seu primeiro libro publicado, e en 1985 a relación estreitarase definitivamente ao asumir Casares a dirección xeral de Galaxia, así como a empresa da súa renovación.

O homenaxeado converteuse, sen dúbida, nun dos novelistas máis destacados daquela prolífica

xeración xurdida nos estertores da ditadura e que ocuparía o centro do sistema literario galego desde os primeiros anos do posfranquismo. Non é casual que *Xoguetes para un tempo prohibido*, publicada por Casares no ano 1975, fose frecuentemente sinalada pola crítica como obra inaugural e paradigma anunciador dunha viraxe da nosa narrativa que procuraría a modernidade técnica, temática e estilística ao longo da década dos oitenta.

Tras *Xoguetes* chegarían *Os escuros soños de Clío*, *Ilustrísima*, *Os mortos daquel verán* ou *Deus sentado nun sillón azul*, obras aclamadas por público e crítica que canonizarían o autor como un dos referentes indiscutibles da narrativa galega do século XX.

Diego Rivadulla Costa
Departamento de Letras

Elix ben. Elix ensinanza pública de calidade

Mestrado Universitario en Banca e Finanzas

Mestrado Universitario en Administración e Dirección de Empresas – MBA

Mestrado Universitario en Contabilidade Superior e Auditoría de Contas



Este é o lema co que se están a promocionar os tres mestrados oficiais que se impartirán na Facultade de Economía e Empresa o vindeiro curso 2017/2018 –Mestrado Universitario en Banca e Finanzas (MUBF), Mestrado Universitario en Administración e Dirección de Empresas (MUADE/MBA) e Mestrado Universitario en Contabilidade Superior e Auditoría de Contas (MUCSAC)–.

Os equipos docentes destas tres ensinanzas están en disposición de lle ofrecer ao estudiantado do último ano dos graos que se imparten na Facultade de Economía e Empresa unha proposta académica e educativa que ten como obxectivo principal facilitarles ás persoas que os cursen a entrada no mercado do traballo nas mellores condicións posibles. Os tres mestrados universitarios que ofrece a FEE teñen como **valor engadido exclusivo e diferencial** a posibilidade de que as

persoas que os cursan poidan solicitar a súa incorporación a un programa de doutoramento para culminar a súa traxectoria académica coa obtención do grao de doutor/a.

Optar por algúns dos tres mestrados universitarios da Facultade de Economía e Empresa é elixir ben, polas seguintes causas:

- Porque a adquisición de competencias se realiza usando metodoloxías eficaces e atractivas, orientadas á práctica a partir dunha robusta formación en conceptos esenciais.
- Porque o profesorado que participa nestas ensinanzas ten experiencia docente e/ou profesional contrastada.
- Porque existe un trato directo e personalizado entre o profesorado e o alumnado.

- Porque se fomenta o traballo en grupo e o contacto coa realidade empresarial a través dun programa atractivo de prácticas en empresas.
- Porque terás que pagar prezos públicos, garantía de que quen accede a estas ensinanzas o fai polos seus méritos académicos e persoais propios.
- Porque existe un programa de actividades (conferencias, visitas etc.) que leva ás aulas da UDC a persoas do máximo nivel do mundo empresarial real.
- Porque hai posibilidade de desenvolver estudos no estranxeiro a través dos programas de dobre mestrado ou de bolsas Erasmus.
- Porque están abertos a que estudantes e profesores doutras universidades participen activamente nestas ensinanzas.



Único Máster Universitario en Banca e Finanzas de Galicia

Elix ben. Elix ensinanza pública de calidade



Por que o MUBF?



- Máster **Universitario Oficial**. Adscrito **oficialmente** ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) e recoñecido oficialmente polo Estado español.

- A **taxa de inserción laboral supera o 80 %**. É unha das máis altas da Universidade da Coruña (UDC).

- É un título plenamente **consolidado**.

- Cursárono **máis de 250 alumnos** nas 10 edicións impartidas desde o seu inicio.

- **Primeiro** Máster da Universidade da Coruña que **renovou a acreditación** da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

- **Formación académica avanzada** no ámbito financeiro que lle permite ao estudiantado converterse en futuros profesionais con elevada cualificación técnica e capacidade de xestión.

- Proporciona acceso directo aos **estudos de doutoramento**.

Certificación profesional

- Os contidos están enfocados para que os alumnos poidan preparar os exames conducentes á certificación **DAF (Diploma de Axente Financeiro)** e **EFA (European Financial Advisor)**

- Alcanzouse un acordo coa UNED, que deseñou un curso especial para os estudantes do MUBF co obxectivo de completar o programa en certos temas relativos a seguros e fondos de pensións. Desta maneira ao finalizar os estudos, os alumnos obterán o

título oficial de Máster en Banca e Finanzas, e os que a maiores realicen o curso da UNED obterán tamén un **Diploma en Asesoramento Financeiro e en PLANIFICACIÓN Financeira, Fiscal e da Xubilación**.

- O curso da UNED **unicamente está dispoñible para o alumnado que estea cursando o MUBF** actualmente ou cursara este en edicións anteriores. Máis información na ligazón: https://formacionpermanente.uned.es/tp_actividad/idactividad/9478



Entidades colaboradoras

A continuación figuran algunhas das entidades con que se asinou un **Convenio para a realización de prácticas**.

Valores engadidos

• Enfoque **metodolóxico eminentemente práctico e participativo**, con especial orientación ao traballo en equipo na resolución de casos na área da Banca e as Finanzas.

• Posibilidade de **matriculación parcial** (ou **por materias soltas**) pensando naquel alumnado profesional que desexa completar e actualizar a súa formación.

• Celebración de eventos de **networking**

- **Cea Anual de Confraternización**. Despois do acto de graduación de cada promoción de estudantes organizase unha cea a que está invitado todo o alumnado do MUBF.

- **Viaxe de Fin de Estudos**. Nos últimos cursos visitáronse institucións como a **Bolsa de Madrid**, o **Instituto de Crédito**

Oficial ou a **Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia**.

Contacto:

master.bancafinanzas@udc.es

Visita a nova páxina Web

www.mubf.es

Mestrado Universitario en Dirección e Administración de Empresas (MUDAE-MBA)

Elix ben. Elix ensinanza pública de calidade



A quen vai dirixido?

O alumnado do Mestrado en Dirección e Administración de Empresas (MBA) procede, preferentemente, dos graos en Administración e Dirección de Empresas, Ciencias Empresariais e Economía. Así mesmo, este Mestrado está orientado ao alumnado procedente de calquera outro título universitario que pretenda desenvolver a súa actividade profesional no mundo da xestión de empresas.

Que obxectivos persegue?

O MBA ten como obxectivo que o alumnado adquira un conxunto de competencias básicas, a partir das cales se desenvolven competencias xerais e específicas:

• Posuír e comprender os coñece-

mentos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.

- Saber aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas a contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa área de estudo.
- Ser capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a

partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos coñecementos e xuízos.

- Saber comunicar conclusións e as razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
- Posuír as habilidades de aprendizaxe que permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser, en boa medida, autodirixido ou autónomo.



Cal é o programa formativo?

CONTIDOS	1º CUADRIMESTRE	2º CUADRIMESTRE
Análise do contorno	3 ECTS	
Dereito de empresa	3 ECTS	
Dirección de marketing	6 ECTS	
Dirección financeira	6 ECTS	
Dirección xeral	6 ECTS	
Obradoiros de directivos	3 ECTS	3 ECTS
Xogo de empresa	3 ECTS	3 ECTS
Dirección de recursos humanos		3 ECTS
Xestión da empresa familiar		3 ECTS
Sistemas de información. Xestión das TIC		6 ECTS
Prácticas en empresas		6 ECTS
Traballo de fin de mestrado		6 ECTS
Total ECTS	30 ECTS	30 ECTS

Que características teñen as prácticas en empresas?

Unha parte importante do MBA son as prácticas en empresas que permiten ofrecerlle ao alumnado unha formación complementaria á actividade lectiva. Así, estableceranse convenios coa finalidade de que todo o alumnado poida realizar unha estada dun mes (6 ECTS), para ter a oportunidade de pór en práctica os coñecementos adquiridos. As prácticas poderanse realizar en paralelo e en horario compatible coa asistencia ao Mestrado. Deberán ter sempre carácter formativo e non deberán supor a cobertura de ningún posto de traballo da empresa que oferta a práctica.

Que opcións de internacionalización ofrece este Mestrado?

O Mestrado ofrece a posibilidade de cursar o segundo cuadrimestre no estranxeiro. Con ese propósito, formalizáronse dous convenios de colaboración cos seguintes programas formativos e centros:

- Master of Arts in International Business (Rennes Business School)
- Master of Jurisprudence in Corporate & Business Law (Delaware Law School)

Cales son as saídas profesionais?

Un dos alicerces fundamentais do MBA consiste na colaboración constante con empresas, institucións empresariais e directivos profesionais. A formación está totalmente dirixida á práctica. O obxectivo básico é que o MBA

cheque a ser un paso intermedio entre a formación académica e a empresa. Por tanto, a alumnado que se titule no MBA estará capacitado para ocupar postos directivos en empresas e organizacións na xestión das distintas áreas funcionais, así como para desenvolver iniciativas na creación de empresas.

Máis información:

Coordinador:

Marcos Vizcaino González

Facultade de Economía e Empresa,
despacho 107-A
Campus de Elviña, s/n
15071 A Coruña.

Web: <http://mbaudc.es/>

Tel: +34 981 16 70 00 / Ext. 2462

E-mail: marcos.vizcaino@udc.es

Mestrado Universitario en Contabilidade Superior e Auditoría de Contas

Elix ben. Elix ensinanza pública de calidade

Edición 2017/2018

<http://www.economicas.udc.es/contenido.php?idpag=8&idcon=pag20130425160740>



Impartido pola Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña, o Mestrado Universitario Oficial en Contabilidade Superior e Auditoría de Contas é un título adaptado ao Espazo Europeo de Educación Superior, co obxectivo de encamiñar os estudantes ao exercicio profesional de actividades relacionadas coa Contabilidade e a Auditoría de Contas a nivel avanzado.

Foi homologado polo Ministerio de Economía, a través do *Instituto de Contabilidad y Auditoría de Cuentas* (ICAC), como programa de ensino teórico para a inscrición no *Registro Oficial de Auditores de Cuentas* (ROAC). É ata o momento o único mestrado universitario oficial impartido en Galicia que recibiu o dito recoñecemento:

(Ver: <http://www.icac.meh.es/section.aspx?hid=3493>)

Ao se tratar dun mestrado oficial impartido por unha universidade pública, as taxas de matrícula son as aprobadas para cada curso académico pola Xunta de Galicia. A título informativo, o importe de primeira matrícula, para o curso 2016-2017, foi de 21,61 euros por cada crédito ECTS (1236,60 € para os 60 créditos mínimos obrigatorios). Así mesmo, a matrícula nun título oficial,

eventualmente, dá dereito a solicitar bolsas e outras axudas públicas.

As aulas presenciais do contido mínimo obrigatorio impártese nun horario que facilita a realización de prácticas ou compaxinar traballo e estudos, de luns a venres, das 18.30 ás 21.30 h.

O plan de estudos recolle un mínimo de 60 créditos ECTS. Para os estudantes da UDC, este mínimo sería o que deberían cursar os graduados ou diplomados en Ciencias Empresariais, e os Licenciados en ADE, Economía, Ciencias Económicas e Ciencias Empresariais.

Os graduados en ADE pola UDC deberán cursar a maiores a materia Dereito do Traballo e da Seguridade Social (6 ECTS). Os graduados en Economía pola UDC deberán cursar a maiores Dereito do Traballo e da Seguridade Social e Contabilidade de Sociedades (un total de 12 ECTS).

Os dobres graduados en Dereito e ADE pola UDC deberanse matricular na materia Dereito do Traballo e da Seguridade Social, pero poderán solicitar a *posteriori* a súa validación.

As materias do plan de estudos recollen os contidos establecido polo ICAC para que coa homologación do título de mestrado, os egresados poidan quedar exentos da realización da primeira fase do exame de acceso ao ROAC.

As materias de Seminarios de Actualización e Prácticas en Empresas

organízanse en colaboración co Ilustre Colexio de Economistas da Coruña. O mestrado inclúe a realización dun mínimo de 100 horas curriculares obrigatorias.

O alumnado que acredite experiencia profesional previa en actividades relacionadas coa Contabilidade ou a Auditoría de Contas poderán solicitar a validación da materia de Prácticas en Empresas.

Os estudantes que obtiveran o título propio da UDC do Curso de Posgrao en Especialización en Auditoría de Contas, na súa edición 2007 ou posterior terán dereito a validar 30 ECTS, correspondentes ás materias: Fundamentos de Auditoría, Procedementos de Auditoría, Informes de Auditoría, Contabilidade Superior I e Contabilidade Superior II.

Para calquera información adicional, deben dirixirse a:

Fernando Ruiz Lamas

<http://mucsac.fernandoruizlamas.es/>

Coordinador do Mestrado
Universitario en Contabilidade
Superior e Auditoría de Contas pola
Universidade da Coruña
Facultade de Economía e Empresa

Campus de Elviña, s/n
15071 – A Coruña
Tfno.: 981 167 050 – Ext. 4412
Fax: 981 167 070
Móbil: 690 324 492
e-mail: fernando.ruiz@udc.es

University of South Wales/Prifysgol De Cymru: Experiencia Erasmus no mundo celta



O pasado mes de abril tiven a ocasión de desenvolver unha estadía Erasmus+ na Universidade de South Wales en Cardiff. Como todo o mundo coñece, con esta universidade temos un acordo de duplo grao de que se benefician os nosos estudantes de Administración e Dirección de Empresas.

Croeso! Welcome! Benvido! A experiencia resultou totalmente positiva, xa que os responsables da USW non só me encargaron a impartición de todas as sesións previstas dentro da concesión da axuda por parte da UDC, senón que tamén elaboraron para min un programa de actividades universitarias que me permitiu coñecer de primeira man o dinamismo desta universidade a prol da formación e empregabilidade dos seus estudantes. Por exemplo, tiven ocasión de coñecer de primeira man a *USW Exchange/Cyfnewidfa USW*, experiencia que permite o contacto directo dentro das instalacións da propia universidade entre os estudantes das

súas ensinanzas e o tecido empresarial de Cardiff, co obxectivo de que os empregadores estean en todo momento informados das diferentes capacidades que os estudantes foron adquirindo ao longo da súa formación universitaria. Tamén participei no BARC, un obradoiro organizado pola Área de Dereito, Contabilidade e Finanzas, onde tiven ocasión de valorar os efectos do Brexit sobre diferentes cuestións vinculadas a estas materias.

Mais esta estadía tamén me permitiu coñecer en profundidade a xente, o patrimonio cultural e a historia de Cardiff e de Gales, nación que comparte con Galicia un pasado celta e que se esforza por manter a súa lingua celta, o galés, viva en todos os ámbitos da vida pública. Logo de pasar un día de intensa actividade académica, poderse relaxar paseando polo Parque Bute arredor do Castelo de Cardiff durante o serán e gozar dunha anómala e morna primavera galesa foi unha marabilla

inesperada para os sentidos que a todo o mundo recomendo. Resultou un pracer e un exercicio intelectual moi recomendable poder discutir de maneira aberta e construtiva cos colegas da USW sobre o Brexit, sobre a encrucillada en que se atopa o Reino Unido, e con el toda a Unión Europea, e sobre a vontade que Gales e Galicia teñen por ser europeas e por achegar ao acervo común da UE as súas culturas, linguas e historia –en moitos aspectos, sorprendentemente similar–. E, por suposto, tamén compartín un tempo de conversa e reflexión cos estudantes da UDC que están a cursar o terceiro curso de ADE dentro do programa de duplo grao coa USW. Valoramos a súa estadía en Gales e intentamos albiscair como se pode mellorar este programa para que sexa do maior atractivo para o alumnado da FEE.

Anxo Calvo
PDI

Comeza a desenvolver as súas actividades a Cátedra «Luis Fernández Somoza» para a Internacionalización dos estudos de Economía e Empresa na UDC

A Cátedra «Luis Fernández Somoza» vén reforzar a estratexia de proxectar internacionalmente os alumnos e mais os profesores da Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña, e converter este centro nunha referencia en Galicia na recepción de académicos de prestixio para que acheguen unha visión ampla sobre a complexa realidade da globalización económica. Pártese da idea de que a formación dos profesionais da Economía e da Empresa –tanto estudantes de grao, mestrado e doutoramento, como actualización do profesorado– require unha análise profunda para unha correcta comprensión dos procesos de competencia internacional e flexibilidade na adaptación aos novos mercados e novos produtos nunha economía cada vez máis transnacional. Neste sentido, esta cátedra de

empresa promovida e financiada con 150 000 euros (50 000 euros anuais durante tres anos) por D. Luis Fernández Somoza, persoa que desenvolveu a súa actividade profesional e empresarial no marco do transporte de mercadorías, vai constituír un pulo importantísimo para facer que a mobilidade entrante e saínte de profesorado e alumnado chegue a se converter nun dos sinais de identidade da Facultade de Economía e Empresa.

Esta cátedra, xestionada co apoio dun comité de seguimento, ten fixados obxectivos precisos no ámbito da formación, da investigación, de divulgación e de transferencia de coñecemento. Os programas máis importantes serán os destinados a promover a actividade docente de profesores procedentes de universidades estranxeiras, nomeadamente daquelas con que a

Facultade de Economía e Empresa teña acordos de dobres titulacións, así como as estadias académicas e/ou investigadoras no estranxeiro de estudantes e profesores dos graos, mestrados universitarios, posgraos e programa de doutoramento impartidos no noso centro. Igualmente, a cátedra organizará cada curso académico unha conferencia ou ciclo de conferencias impartidas por referentes internacionais en distintos campos de especialización dentro dos estudos de Economía ou Empresa.

Desde este momento inicial, convidamos o alumnado e o profesorado a melloraren a súa formación a través da internacionalización dos seus coñecementos e habilidades, sabendo que este é o camiño certo para acrecentar os niveis de coñecemento útil, capaz de transformar a economía e as empresas que nela operan, así como de acadar unha maior satisfacción persoal a través do intercambio de ideas e experiencias con académicos de relevancia internacional.

Imaxe: Acto de sinatura da Cátedra por parte de D. Luís Fernández Somoza e o reitor da UDC o pasado 3 de febreiro.



Carlos Estévez Mengotti

Director da Cátedra «Luis Fernández Somoza» para a internacionalización dos estudos de Economía e Empresa

Futuro profesional dos egresados da Facultade de Economía e Empresa

“Voume graduar ... E agora, que?”

Prácticas profesionais, mobilidade internacional, formación en innovación ou emprendemento son algúns dos pasos que integran o camiño dos recentemente titulados e tituladas á saída de centros universitarios como a Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña. Diferentes alternativas que poden ir da man e sobre as que egresados e egresadas adoitan ter dúbidas e incluso ata a necesidade dun impulso.



Inscríbete en:

www.fundacion.udc.es/emplea/




«Sensación de perda do equilibrio e de caída que senten certas persoas ante o baleiro». A primeira acepción empregada pola Real Academia Galega no seu dicionario para o termo vertixe ben podería valer para definir a sensación de moitos universitarios cando se atopan a piques de rematar os seus estudos de grao.

Ademais do Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE) que a Universidade pon á disposición do alumnado nos campus da Coruña e Ferrol, tanto a propia Facultade de Economía e Empresa como a Fundación Universidade da Coruña proporcionan información sobre diferentes alternativas académicas, formativas e/ou profesionais.

331 titulados da FEE realizaron prácticas profesionais en 2016.

Prácticas profesionais e titulacións da FEE



A plataforma EMPLEA da Fundación Universidade da Coruña (FUAC) é un punto de encontro en liña entre empresas e titulados, entre a oferta e a demanda tanto de prácticas profesionais como de vacantes laborais. Tan só en 2016, a FUAC rexistrou a través desta ferramenta un total de 1701 ofertas a que tiveron acceso os 1779 mozos e mozas dados de alta coma usuarios no último ano e que se integran nunha comunidade virtual de 18 068 persoas.


No relativo ás persoas tituladas procedentes da Facultade de Economía e Empresa (FEE) da Universidade da Coruña, nos últimos tres anos a FUAC rexistrou un total de 776 expedientes de prácticas profesionais, das que 331 estiveron vixentes ao longo de 2016 -frente ás 283 e 212 vixentes en 2015 e 2014, respectivamente-. Por titulacións, preto dun 45 % das bolsas correspondeu a graduados

en ADE, un 28 % a graduados en Ciencias Empresariais e en Economía e o 27 % restante estivo repartido entre mestrados en Banca e Finanzas, Contabilidade e Auditoría de Contas e Dirección e Administración de Empresas, ademais das antigas licenciaturas en Economía e ADE e da Diplomatura en Ciencias Empresariais.

Múltiples opcións cara a unha formación especializada

Ademais de posgraos de carácter propio como o Posgrao en Xestión Empresarial da Innovación, da Cátedra Jean Monnet de Economía Industrial Europea, ou o Curso de Especialización en Responsabilidade e Innovación Social, da Cátedra Inditex-UDC de RS, a FEE alberga opcións de especialización, como mestrados e programas de doutoramento, co obxecto de acadar a excelencia universitaria e a especialización dos seus estudantes.

Novos servizos FUAC



Así, a colaboración da FUAC coa FEE nas súas iniciativas en materia de formación serve para avanzar nas relacións entre a Universidade e o tecido empresarial, reducindo o

desaxuste existente entre as competencias adquiridas polos titulados universitarios e as demandas polo mercado laboral. Estas actividades abranguen un amplo abano de xornadas, cursos, mestrados, posgraos e cursos de especialización que lles axudan aos novos profesionais a descubrir o funcionamento interno do tecido empresarial a que se van enfrontar.

Mobilidade internacional, un paso formativo máis

Pensar no estranxeiro é habitual nunha facultade que conta con titulacións de máis dun 40 % de docencia en inglés ou con programas de graos internacionais, como son o grao en Administración e Dirección de Empresas en colaboración coa University South Wales ou o seu homólogo co International College of Management de Sydney.

Ante esta realidade, a Cátedra Luís Fernández Somoza para a internacionalización dos estudos de Economía e Empresa da Universidade da Coruña, froito do convenio asinado pola institución académica e Cartesón S.L. o pasado 7 de febreiro, permítelle ao alumnado realizar parte da súa formación en universidades estranxeiras co obxecto de conseguir unha dobre titulación internacional.

Ademais das axudas á mobilidade para estudantes e profesorado, cuxa primeira convocatoria está xa en marcha, o convenio inclúe a organización dun ciclo de conferencias a cargo de relatores con proxección internacional e a promoción de actividades de investigación e transferencia de coñecemento. Un xeito de ampliar formación e comprender outras realidades.

Salto ao emprendemento con fortes doses de innovación


Innovación, emprendemento e desenvolvemento xogan no mesmo equipo e adoitan obter bos resultados. Así, por exemplo, o 70 % das persoas que participaron no Programa de Axentes de Innovación, impulsado pola FUAC coa colaboración do Concello da Coruña en 2016, continuou a súa actividade formativa e laboral nas empresas de acollida. Da decena de persoas beneficiarias, o 50 % procedía da Facultade de Economía e Empresa; concretamente, dúas da dobre titulación de ADE e Dereito e outras tres do grao en Ciencias Empresariais, da licenciatura en Administración e Dirección de Empresas e do grao en Economía, respectivamente.

Yuzz Universidade da Coruña está no campus de Elviña, concretamente na Facultade de Informática.

O concurso de proxectos empresariais *Semente de Monforte* é outro exemplo de iniciativa de apoio ao emprendemento que conta coa colaboración da Universidade da Coruña. Nesta mesma liña, AJE Provincia da Coruña e o Concello da Coruña están a desenvolver o proxecto Comercio 360º con programas como *Lánzate a emprender*, dirixido a persoas que pensan en montar unha empresa ou soñan con desenvolver un proxecto empresarial.

Fundación Universidade da Coruña

Programa de Axentes de Innovación



Este tipo de programas en materia de innovación complementanse con outros directamente enfocados ao emprendemento. Así, o *Programa Santander Yuzz* proporciona asesoramento, espazos de coworking e formación a mozos e mozas emprendedores que queiran desenvolver unha idea a través do seu propio plan de empresa. O Centro



A Facultade de Economía e Empresa organizou a VIII Olimpíada Galega de Economía «La Caixa»

O pasado 31 de marzo tivo lugar nas dependencias da Facultade de Economía e Empresa da UDC a realización da VIII Olimpíada Galega de Economía «La Caixa». Este evento contou coa participación de 54 estudantes de segundo de bacharelato de centros de toda Galicia cunha traxectoria meritória nos seus estudos de Economía.

Esta edición contou coa colaboración da Obra Social «La Caixa» e o Colexio de Economistas da Coruña. No comité organizador intégranse as tres universidades públicas do sistema universitario galego e AGAEDES, asociación que agrupa o profesorado de Economía e Empresa nos niveis non universitarios. Igualmente cómpre citar o apoio fundamental do Concello da Coruña e da Fundación Universidade da Coruña no desenvolvemento das actividades da fase galega da Olimpíada. Finalmente, o éxito da xornada non sería posible sen a colaboración dun número importante de profesores da Facultade de Economía e Empresa, que se involucraron na elaboración e corrección dos exercicios de maneira tan activa e desinteresada como eficaz.

As bases da VIII Olimpíada establecían que se trata dun «curso de carácter académico e educativo, con múltiples obxectivos entre os que estarían incentivar e estimular o estudo da Economía entre os alumnos interesados nesta materia -que serán os futuros estudantes nas facultades-, premiar o esforzo e a excelencia académica, divulgar os



estudos de Economía, tender pontes entre as facultades e os centros de educación secundaria e establecer vínculos cos profesores de Economía do bacharelato. A Universidade non pode abstraerse dos problemas formativos dos estudantes que van ocupar as súas aulas no futuro, e por iso é importante fomentar os contactos e as relacións estables orientadas a facilitar o intercambio de coñecementos e experiencias. Nese sentido, a Olimpíada de Economía ten que xogar o papel de punto de encontro entre ambos os niveis educativos». Asumindo que puideron existir erros concretos e puntuais na organización, pódese afirmar con humildade e satisfacción que estes obxectivos se acadaron longamente a xulgar pola participación conseguida nos centros de bacharelato, o excelente ambiente en que se realizaron as probas e a colaboración de múltiples institucións coa Facultade de Economía e Empresa.

As persoas finalistas da presente edición foron:

Primeiro premio e gañador da VIII Olimpíada Galega de Economía «La Caixa»: Álvaro de la Torre Carreira (Colexio Peleteiro, Santiago de Compostela).

Segundo premio: Xoana Feás Pérez (IES Rosalía de Castro, Santiago de Compostela)

Terceiro premio: Paula Baltar Lorenzo (IES Rosalía de Castro, Santiago de Compostela)

Na sesión de clausura, -que tivo lugar no marco incomparable do salón de Plenos do Pazo Municipal do Concello da Coruña, coa asistencia do concelleiro de Promoción Económica, o reitor da Universidade da Coruña, un representante da Obra Social «La Caixa», o decano do Colexio de Economistas da Coruña, o decano da FEE, os participantes na Olimpíada e profesores de bacharelato dos centros que presentaron estudantes-, fíxoselles entrega aos finalistas dos seguintes premios:

1. Reembolso dos prezos públicos de matrícula na Facultade de Economía e Empresa ao alumno que resultou gañador da VIII Olimpíada Galega de Economía «La Caixa».

2. Un ordenador portátil para cada un dos tres finalistas.

3. Cobertura do desprazamento para participar na IX Olimpíada Española de Economía que terá lugar en Córdoba para os tres mellores estudantes da fase galega.

Ao resto de participantes entregáronselles diplomas acreditativos da súa participación.

Agora só resta desexar que os representantes galegos teñan éxito na IX Olimpíada Española de Economía, que terá lugar en Córdoba no mes de xuño. Parabéns e moita sorte!

Anxo Calvo
Decano

Estudiantes da Facultade cumprindo o reto proposto!!



**Posgrado
Universitario
Gestión
Empresarial
Innovación**

Os estudantes do Posgrao en Xestión Empresarial da Innovación estiveron inmersos na realización de diversos proxectos sobre o desenvolvemento dun novo concepto hostaleiro. Esta iniciativa está encadrada nunha liña de formación denominada Talent Match do programa Smart People impulsado polo Grupo Hotusa coa colaboración de diferentes centros educativos. Trátase dun proxecto de captación de novos talentos que premia a innovación no sector turístico.

A aventura comezaba o pasado mes de febreiro co inicio da IV Edición do Posgrao, dentro do programa de actividades formativas que se realizan e que despois de catro anos

levarán a converter, previsiblemente, esta titulación nun mestrado de nova implantación nesta Facultade. O punto de partida do Reto Hotusa é o complexo panorama actual do sector como consecuencia da súa saturación. Este feito obrigou as cadeas de hoteis a definir e desenvolver novas estratexias coas cales diferenciarse da competencia. Partindo desta base, os estudantes dividíronse en seis grupos e empezaron a traballar nas súas respectivas propostas. Para iso, previamente tiveron que efectuar unha análise do escenario actual e identificar os novos hábitos dos viaxeiros.

**Trátase dun proxecto
de captación de novos
talentos que premia
a innovación no sector
turístico.**

O 3 de maio realizaban a fase de exposición das súas presentacións aos responsables de Hotusa, Ricardo Jover (responsable de Selección) e Maurici Segú (colaborador do proxecto e experto en marketing). Estas tiveron lugar na Facultade de Economía e Empresa. Destes seis grupos que representan a Facultade de Economía e Empresa da UDC, sairá un dos que competirá contra as doce universidades españolas participantes neste reto. O nivel mostrado polos equipos desta facultade fai que afrontemos con optimismo o resultado da final que se levará a cabo en Madrid, probablemente a finais de maio deste ano. Ánimo e sorte aos nosos estudantes!

*Equipo docente do Posgrao en
Xestión Empresarial da Innovación
www.posgradoinnovacion.com*



Calendario de preinscrición e matrícula nos mestrados universitarios

ESTUDANTES DE SISTEMAS UNIVERSITARIOS ESTRANXEIROS

16 de xaneiro – 30 de abril de 2017	Preinscrición
8-10 de maio de 2017	Publicación lista provisional
10-18 de maio de 2017	Reclamacións
24-25 de maio de 2017	Publicación lista definitiva
2017	Matriculación (segundo prazos xerais)

PRAZOS XERAIS

1º PRAZO (xuño - xullo de 2017)

23 xuño – 13 xullo	Preinscrición
18 xullo	Publicación lista provisional
18 – 26 xullo	Reclamacións
31 xullo	Publicación lista definitiva
1 – 13 agosto	Matriculación (*)

2º PRAZO (agosto - setembro de 2017)

14 -21 agosto	Preinscrición
6 setembro	Publicación lista provisional
6 – 8 setembro	Reclamacións
13 setembro	Publicación lista definitiva
13 - 18 setembro	Matriculación (*)

3º PRAZO (setembro - outubro de 2017)

19 - 27 de setembro	Preinscrición
2 outubro	Publicación lista provisional
2 – 5 outubro	Reclamacións
9 outubro	Publicación lista definitiva
10 – 19 outubro	Matriculación (*)

(*) A matrícula realizarase nas datas de chamamento e seguindo o procedemento que se estableza polos centros, de ser o caso.

Información completa en:

http://www.udc.es/export/sites/udc/_galeria_down/ensino/gaos/calendario_academico/20172018aclaracions.pdf